

# QUEREN RIRSE DE NÓS?

**transparencia:** Calidade de transparente

**transparente:** Que deixa pasar a luz e que permite ver con nitidez a través del.

“POUCA CALIDADE DE TRANSPARENTE DIRIAMOS NÓS”

¡FANTÁSTICO! ¡GRAZAS POR DICIRNOS QUE CUMPLEN CO DECRETO QUE NÓS MESMOS LLES MENCIONAMOS!

QUE PASA CO QUE SOLICITAMOS?

## REXISTRO PRESENTADO:

### **Tendo en conta o establecido:**

Decreto 158/2005, do 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Artigo 12º.- Obriga de información.

1. Os concellos da comunidade autónoma elaborarán un informe anual sobre os actos de edificación e uso do solo que se levaron a cabo durante o ano na zona de servidume de protección, do cal darán conta ao órgano autonómico competente en materia de costas.

2. Así mesmo, os concellos porán en coñecemento do órgano da Administración autonómica competente en materia de costas todas aquelas obras ou actividades que se realicen no seu termo municipal na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre e que non contén coa preceptiva licenza municipal, sen prexuízo da adopción das medidas de policía urbanística que sexan necesarias para garantir a total interrupción da actividade, das cales darán conta, así mesmo, ao órgano autonómico competente.

### **SOLICITAMOS:**

**Copia dos informes anuais sobre os actos de edificación e uso do solo que se levaron a cabo durante o ano na zona de servidume de protección** levados a cabo polo Concello de Redondela desde o ano **2006 ata 2013**

## RESPONDEN:

**Comunicarlle que polo servizo de urbanismo** en cumprimento do disposto no seu artigo 92.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, **remítese información** á Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas (Axencia de Protección da Legalidade Urbanística) **consistente na copia das resolucións que se ditan** en relación ás materias reguladas pola citada lei, **aos efectos de control da legalidade**, de acordo co disposto

nos artigos 65 e 66 da Lei 7/1985, de 2 de abril, entres as que se encontran as licenzas que se conceden na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, así como as resolución ditadas nos expedientes de disciplina urbanística (infraccións urbanísticas) nese tipo de solo. Así mesmo, remítense as actuacións que se levan a cabo obxecto de expedientes de reposición da legalidade urbanística que son da súa competencia

¡OLE, OLE, OLE! E despois din que o alumnado da ESO non sabe ler. Pedimos os informes e responden que si que os mandan.

¡SÓ FALTARÍA QUE INCUMPLIRAN A LEXISLACIÓN! ¿Ou é que pode incumprirse sen que pase nada?